



VAR-2/2016

Expediente: 430/2016/95

**ACTA REUNIÓN MEMBROS XURADO DO CONCURSO DE PROXECTOS REHABILITACIÓN DA PRAZA E O MERCADO DE MONTE ALTO**

Ás 13:40 horas do día 11 de maio do 2017, reúnense, no Biblioteca da Secretaría Xeral, sita no Pazo de María Pita nº 1, os membros do xurado que se dirán, ao fin de levar a cabo a **votación e fallo definitivo do concurso de proxectos para a rehabilitación da praza e o mercado de Monte Alto.**

Presidente: O Concelleiro de Rexeneración Urbana e Dereito á Vivenda do Concello da Coruña, **Xiao Varela Gómez.**

**Vogais:**

- En representación do Colexio de Arquitectos de Galicia, **Cristóbal Crespo González.**
- Director de Área de Rexeneración Urbana, actualmente de Espazos Públicos e Mobilidade, **Jorge Juan Cao Abad.**
- Xefe de Servizo de Edificación, **Alberto Manuel Vázquez Aguilar.**
- Arquitecta a proposta dos concursantes: **D<sup>a</sup>. Guadalupe Piñera Manso**
- Arquitecto a proposta dos concursantes: **D. Carlos Quintáns Eiras.**

Marta María García Pérez, Directora da Asesoría Xurídica e Ángel David Murado Codesal, Interventor Xeral, manifestan ante a secretaría do xurado que, tendo en conta o carácter eminentemente técnico da reunión, a súa intervención reducirase á non influír na decisión final dos membros do xurado cuxa pericia técnica permítelles valorar axeitadamente as propostas, polo que adiantan a súa abstención.

**Secretario:** Miguel Iglesias Martínez, Oficial Maior, por delegación do Secretario Xeral do Pleno.

Consonte coa base 10.5 das bases que rexen o concurso, o Presidente do Xurado, o 28 decembro de 2016 ditou Resolución na que constan as proposicións admitidas e excluídas e que foi publicada no perfil do contratante.

O pasado 3 de xaneiro de 2017 reuníronse os vogais designados do xurado para apertura dos sobres dos que resultou a **designación de vogais do xurado a proposta dos concursantes.**



O 3 de febreiro do 2017, reuníronse os membros do Xurado do concurso de ideas ao fin de constituír formalmente o xurado do concurso de ideas con intervención de xurado para rehabilitación da praza e o mercado de Monte Alto, e estudo da alegación presentada pola Proposición nº 63, excluída por Resolución do Presidente do xurado do 28 de decembro de 2016 e 1ª reunión do xurado (1ª rolda).

Trala apertura de todos os paneis, polo secretario do xurado procedeuse a recopilar os CD-ROM que remitiu ao servizo de urbanismo para a súa dixitalización e remisión aos membros do xurado para un detido estudo dos mesmos se o precisaran.

O 17 de febreiro do 2017, reuníronse os membros do Xurado ao fin de levar a cabo a 2ª reunión do xurado (1ª fase, 2ª reunión da 1ª rolda e 2ª rolda), concluindo que, de conformidade coa base 10.6 do prego que regula o concurso, o fallo do xurado coa selección das 5 propostas que concorren á segunda fase do concurso debe conter ademais as consideracións sobre aqueles aspectos de cada unha das propostas que o xurado considera de maior interese e as que, polo contrario, debían ser obxecto de maior análise para a súa reformulación no sobre C, consideracións que, en relación aos criterios de intervención formulados na base 7 do prego, incorporáronse como anexo á acta da sesión do xurado do 17 de febreiro e publicáronse no perfil do contratante, momento no que comezou a computar o prazo de 30 días naturais para a presentación do sobre C, indicando como data de expiración deste prazo, tal e como sinala a cláusula 10.2 do prego, o 12 de abril de 2017.

Durante o prazo de presentación dos sobres C, presentáronse os seguintes, segundo establecen as bases 10.6 e 9.4 das bases que rexen o concurso:

| <b>Proposición/Lema</b>                        | <b>Data presentación</b> |
|------------------------------------------------|--------------------------|
| Proposición nº 27. Lema: "Höhe"                | 11/04/2017               |
| Proposición nº 10. Lema: "¿Qué es un mercado?" | 11/04/2017               |
| Proposición nº 68. Lema: "Mmma67"              | 12/04/2017               |
| Proposición nº 52. Lema: "Troco"               | 12/04/2017               |
| Proposición nº 12. Lema: "Tres plazas"         | 12/04/2017               |

Trala apertura de todos os sobres C, polo secretario do xurado procedeuse a recopilar os CD-ROM que remitiu ao servizo de urbanismo para a súa dixitalización e remisión aos membros do xurado para un detido estudo dos mesmos se o precisaran.

Os membros técnicos do xurado proceden de conformidade coa base 10.6 e 13.2 das bases que rexen o concurso ao análise detido de cada unha das propostas e posterior debate e, tralo análise proceden á votación en primeira rolda na que cada un dos membros do Xurado



podía seleccionar un número máximo de dous traballos, obténdose o seguinte resultado:

| Proposición/Lema                               | Apoios |
|------------------------------------------------|--------|
| Proposición nº 10. Lema: “¿Qué es un mercado?” | 0      |
| Proposición nº 12. Lema: “Tres plazas”         | 0      |
| Proposición nº 27. Lema: “Höhe”                | 12     |
| Proposición nº 52. Lema: “Troco”               | 12     |
| Proposición nº 68. Lema: “Mmma67”              | 0      |

Polo tanto, a segunda e última rolda centrouse nas dúas propostas que obtiveron máis votos, as seguintes:

| Proposición/Lema                 | Apoios |
|----------------------------------|--------|
| Proposición nº 27. Lema: “Höhe”  | 12     |
| Proposición nº 52. Lema: “Troco” | 12     |

Non obstante, o xurado reservouse o dereito a votar entre as outras tres propostas a concesión dun accésit segundo a base 12.

Na referida reunión do xurado o Presidente emprazou aos membros do xurado para o xoves 11 de maio para votación e fallo definitivo do concurso, co fin de ter tempo suficiente para un estudo máis detido.

Comezan valorando a posibilidade de conceder un accésit entre as tres propostas que non competirán polo primeiro premio, decidindo unanimemente descartar “¿Qué es un mercado?” e procedendo á votación entre as outras dúas co seguinte resultado:

| Proposición/Lema                       | Apoios |
|----------------------------------------|--------|
| Proposición nº 12. Lema: “Tres plazas” | 2      |
| Proposición nº 68. Lema: “Mmma67”      | 4      |

Deciden polo tanto conceder un **accésit a “Mmma67”** e segundo a base 12 unha **menção a “Tres plazas”**, ao entender que a súa proposta é merecedora desta distinción.

Neste momento cada un dos membros do xurado, en cumprimento da base 13.2 expoñen os motivos que lles levan a defender cal das dúas ideas finalistas é merecedora do premio, de cara á redacción dunha motivación colexiada que se unirá á presente acta como anexo.

Conclúe o debate e exposición das motivacións o Presidente do xurado quen agradece en primeiro lugar as exposicións dos vogais do xurado porque escoitalles é tremendamente útil para sentar posicións. Engade que sen prexuízo da súa opinión técnica como arquitecto entende que o que lle toca é defender o proxecto coma concelleiro, o proxecto político que incorpora o prego. Alude ao texto introdutorio do prego no que se define como propósito



resolver a especial configuración topográfica do espazo urbano da praza do mercado de Monte Alto, atacar o espazo público precario que ten e conseguir a correcta inserción urbana do mercado reforzando o modelo de praza aberta e cuberta fronte ao de centro comercial pechado. A continuación, expón que entende as dúas propostas finalistas como mellorables e manifesta a súa confianza no traballo posterior do servizo de edificación e do sr. Cao Abad. En relación con HÖHE destaca que é visualmente máis atractivo e que o problema actual da escola infantil corríxena os dous pero lle gusta máis TROCO. Continúa destacando como dificultades de HÖHE que é un mercado pechado en si mesmo, máis autista, que os espazos sociocomunitarios son interiores que entende imposibles de solucionar, mentres que TROCO, cos seus problemas comunica co espazo exterior, e que en HÖHE o espazo público está fragmentado mentres que TROCO rendibiliza mellor o espazo público. En canto a TROCO destaca como déficits a conectividade a nivel de accesibilidade, aínda que é mellorable, e ademais clarifica e resolve, de tal xeito que con TROCO conseguiríase a gran praza de Monte Alto como sucedeu co Campo da Leña.

Trala motivación, procédese á votación, co seguinte resultado:

|                        | Proposición/Lema                        | Apoios |
|------------------------|-----------------------------------------|--------|
| <b>PRIMEIRO PREMIO</b> | <b>Proposición nº 52.</b> Lema: “Troco” | 4      |
| <b>SEGUNDO PREMIO</b>  | <b>Proposición nº 27.</b> Lema: “Höhe”  | 2      |

Sen máis asuntos que tratar, sendo as 15:16 horas, procédese de conformidade coa base 9.5 á identificación dos concursantes que teñen obtido premio ou mención:

|                        | Proposición/Lema                                 | Concursante                   |
|------------------------|--------------------------------------------------|-------------------------------|
| <b>PRIMEIRO PREMIO</b> | <b>Proposición nº 52.</b><br>Lema: “Troco”       | Alejandro Álvarez Blanco      |
| <b>SEGUNDO PREMIO</b>  | <b>Proposición nº 27.</b><br>Lema: “Höhe”        | Simón Francés Martínez        |
| <b>ACCÉSIT</b>         | <b>Proposición nº 68.</b><br>Lema: “Mmma67”      | Roi Salgueiro Barrio          |
| <b>MENCIÓN</b>         | <b>Proposición nº 12.</b><br>Lema: “Tres plazas” | Miguel Sotos Fernández-Zuñiga |

A continuación, levántase a reunión estendendo a presente acta para a súa constancia, que asina xunto a min, secretario do xurado, o Presidente do xurado, segundo o previsto no artigo 87.3 do Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

Xiao Varela Gómez  
Presidente

Miguel Iglesias Martínez  
O secretario do xurado



## **ANEXO**

### **MOTIVACIÓNS DO XURADO NA SELECCION DA PROPOSTA GANADORA NA 2ª FASE DO CONCURSO DE IDEAS CON INTERVENCION DE XURADO PARA A REHABILITACION DA PRAZA E DO MERCADO DE MONTE ALTO, E RECOMENDACIONES DE MODIFICACIÓNS.**

Na súa xuntanza do pasado 11.05.2017 os membros do xurado levaron a cabo a votación e fallo definitivo segundo o procedemento indicado na base 13.2 do prego que regula o concurso de ideas, resultando ganadora do primeiro premio a Proposición nº 52, lema **Troco**, e motivándose a súa selección nos seguintes aspectos:

1. A proposta consegue mellorar as condicións dos tres elementos mais importantes do equipamento: tanto o mercado, como a escola e o espazo libre saen proporcionalmente beneficiados pola reforma proxectada, tanto nas súas propias condicións intrínsecas (funcionalidade, accesibilidade) como na súas relacións entre eles.
2. A creación da praza intermedia que dá acceso ao mercado, xunto coa peonalización da rúa Xoaquín Gonzalez, mellora substancialmente a presenza deste equipamento no barrio, facéndoo visible e posibilitando a expansión da súa actividade, ou doutras complementarias, a ese novo espazo aberto.
3. A colocación da escola no lado da praza superior mais próximo á rúa Cuento permite facilitarlle as axeitadas condicións de relación co espazo exterior, sen cernar a continuidade espacial entre os diferentes niveis de praza proxectados.

Ademais, o xurado formulou as seguintes recomendacións a ter en conta na redacción do proxecto:

1. Debe profundarse na configuración arquitectónica dos novos elementos construídos (escola infantil, marquesiña do autobús), procurando dotar ao conxunto da intervención dunha maior unidade fronte á aparente fragmentación que resulta das imaxes que acompañan a proposta. Neste senso, a continuidade entre o corpo da escola e a marquesiña recollida na proposta presentada na fase 1 do concurso pode ser un dos camiños a seguir.
2. Debe mellorar as condicións de visibilidade e funcionais do acceso ao mercado dende a Avenida de Hércules, integrado no volume da nova escola.
3. A marquesiña para a espera do bus deberá configurarse de xeito que a súa posición non dificulte a control visual da fronte de dársenas e proporcione a axeitada protección dos pasaxeiros no momento do acceso a autobús.



4. A disposición do arboredo e outra vexetación de sombra e pérgolas deberá avaliarse en relación coas condicións de visibilidade das liñas de bus dende a fronte á Avenida de Hércules, e o seu carácter singular, de aliñación ou de agrupación.
5. A disposición dos accesos ao ascensor exterior deberá avaliarse dende a perspectiva da percepción de seguridade polos seus usuarios, evitando as situacións de difícil control visual dende e cara o espazo libre.
6. Deben clarificarse visual e funcionalmente os espazos de soportais na entrada e lateral dos novos locais veciñais, evitando a configuración de espazos de paso de escasa dimensión e visibilidade, así como outros de dubidosa funcionalidade.
7. Os programas funcionais dos equipamentos, así coma a configuración da marquesiña, deberán axustarse en coordinación cos servizos municipais correspondentes, así como coas asociacións que se manteñan no novo edificio.